

Colaboración con persoas con capacidades diferentes ou con enfermidade

En EROSKI, conscientes dos retos diarios que deben afrontar as persoas con capacidades diferentes ou con necesidades especiais derivadas dunha enfermidade, mantemos unha colaboración estreita coas organizacións que as representan e traballan para mellorar o seu benestar e calidade de vida.



FORUM SPORT co deporte inclusivo

Grazas á participación de máis de 3.600 persoas na décimo cuarta edición da Kosta Trail, FORUM SPORT, Salomon e Laboral Kutxa doaron 11.000 euros á GaituzSport Fundazioa, que traballa co obxectivo de construír unha sociedade inclusiva e respectuosa coa diversidade e impulsar a práctica da actividade física e do deporte entre as persoas con e sen discapacidade, en igualdade de condicións, mellorando a súa calidade de vida.

CAPRABO loita contra o Alzheimer

CAPRABO colabora co proxecto PENSA, orientado a analizar se é posible frear o declive cognitivo en estadios previos á aparición da demencia, e que combina un programa de intervención nos hábitos de vida e a inxesta dun preparado alimenticio. Trátase dunha iniciativa conxunta do Instituto Hospital del Mar de Investigaciones Médicas (IMIM) e do Barcelonaβeta Brain Research Center (BBRC), centro de investigación da Fundación Pasqual Maragall, coa que CAPRABO colabora desde hai 6 anos.

Loita contra o cancro

EROSKI participou un ano máis en distintas Carreiras da Muller organizadas en España pola Asociación Española Contra o Cancro (AECC) e estivo presente en cidades como A Coruña, cunha caseta para sensibilizar sobre a enfermidade e recadar fondos para axudar á loita contra o cancro de mama. Ademais, como cada ano, colaboramos coa AECC para sensibilizar á poboación sobre o cancro de pel. A AECC estivo tamén presente na feira de produto local organizada en Bilbao con motivo do noso 50 aniversario. En 2019, tamén colaboramos coas asociacións locais de loita contra o cancro de mama e xinecolóxico na celebración do Día do Socio da cooperativa en Bilbao e San Sebastián.

VEGALSA-EROSKI organizou tamén unha campaña de recadación de fondos entre os nosos clientes que, xunto coa achega de VEGALSA-EROSKI, permitiu doar máis de 20.000 euros a CRIS Contra el Cáncer para desenvolver novas terapias contra o meduloblastoma.

Algunhas das asociacións coas que colaboramos:



ACAMBI – Asociación de Cáncer de Mama de Bilbao



ASONEVUS – Asociación Española de Nevus Gigante Congénito



ASVIDIA – Asociación de Diabéticos de Bizkaia



CRIS Contra el Cáncer



FEDE – Federación Española de Diabetes



Fundación Síndrome de West



ADEMGI – Asociación de Esclerosis Múltiple de Gipuzkoa



ASPANAFOHA – Asociación de Padres de Niños con Cáncer de Álava



BENE – Asociación de Afectados y Familiares por Enfermedades Neurológicas de Bizkaia



EM Euskadi – Fundación Vasca Esclerosis Múltiple Eugenia Epalza



FEKOOR – Federación Coordinadora de Personas con Discapacidad Física y Orgánica de Bizkaia



ONCE EUSKADI – Corporación sen ánimo de lucro que ten como misión a mellora da calidade de vida das persoas cegas e con discapacidade visual



AECC – Asociación Española Contra el Cáncer



ASPANOI – Asociación de Padres de Niños Oncológicos de Gipuzkoa



COCEMFE – Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica



EUSKAL GORRAK – Federación Vasca de Asociación de Personas Sordas



FEDEREC – Federación Gallega de Enfermedades Raras y Crónicas



WOP – Walk On Project